

Adaptación de Doutor en Alaska

Duración aproximada: 5 minutos

LOC1	LOC2	LOC3	LOC4	LOC5
Chris	Dr. Fleischmann	Ed	Maggie	Sra. Wood

ESTUDIO DE RADIO

Un locutor de radio diríxese aos seus oíntes dende unha pequena emisora local. Soa música tranquila de fondo.

LOC 1. Era un día calquera do verán de 1976. Eu, un mozo de 15 anos, e o meu mellor amigo, Dickie Heath, acabábamos de roubar un coche do aparcadoiro dunha tenda, e sen nada mellor que facer, decidimos colarnos nunha casa de Fox Hill.

Mentres Dickie buscaba algún obxecto de valor no piso de arriba, eu entrei no salón onde, mentres me facía cunha pluma de ouro e unha pitilleira de prata, me atopei de bruces co libro que cambiaría a miña vida por completo.

Así que, hoxe, "Chris nas ondas" vai deixar de lado a meteoroloxía, o estado do tráfico e as noticias, e vai mergullarse de cheo na obra de George Orwell.

DORMITORIO. Soa un receptor de radio no dormitorio do Dr. Fleischmann.

LOC 1. *"O home é o único ser que consume sen producir. Non dá leite, non pon ovos, é demasiado débil para tirar do arado, e a súa velocidade nen sequera lle permite atrapar un coello. Sen embargo, é dono e señor de tódolos animais. Failles traballar, dálles o mínimo necesario para que non morran de fame, e o resto gárdao para el. O noso traballo..."*

LOC 2. Aaaahh!

LOC 3. Non hai ninguén, xa o comprobéi.

LOC 2. Qué fas na miña habitación Ed? Non se te ocorreu chamar antes de entrar na miña casa ás 6 e 28 da mañá?

LOC 3. Os indios non chamamos, é descortés.

LOC 2. Non? E que carallo fan os indios?

LOC 3. Usamos a chave.

LOC 2. A chave? Tes a chave da miña habitación?

LOC 3. Eeh... tamén abre a porta da casa da miña avoa. Moita xente ten a mesma chave. Así non te quedas tirado na rúa.

LOC 2. Déixao, qué carallo fas na miña casa?

LOC 3. Quero que me dea unha cita.

LOC 2. Unha cita? Para unha consulta médica?

LOC 3. A há.

LOC 2. Non hai problema, usa a túa chave para entrar na miña consulta e apunta o teu nome na miña axenda.

Oh, perdoa, esquecinme, non hai axenda, a Marilyn non lle gustan. Só escribe o teu nome na parede e listo.

Agora, se non che importa, teño que darme unha ducha antes de irme a traballar.

LOC 3. Non me importa.

LOC 2. Por que non me sorprende?

DORMITORIO. Soa un portazo, un chorro de auga e despois unha ducha rota.

LOC 2. Non, merda, maldita sexa!

BAR. Soa música de fondo e o bulicio dun bar.

LOC 2. Maggie, estábaa buscando. A miña ducha está rota.

LOC 4. Xa mo dixera. Que lle pasa?

LOC 2. Que lle pasa? E eu que sei, como vou saber eu iso?

LOC 4. Sentido común, por exemplo? Vostede é médico, é intelixente. As duchas son estúpidamente sinxelas.

LOC 2. Non é unha avaría común.

LOC 4. Tentou arranxala?

LOC 2. Si, escoiteina co meu estetoscopio e usei o meu depresor lingual... Díxeno tres veces, non podo vivir sen a miña ducha!

LOC 4. Moita xente vive sen ducha. Bastalles un barreño e uns simples matogueiros.

LOC 2. Mire, non me gusta vivir ao estilo Tarzán, dacordo?

LOC 4. Pode usar a miña ducha se quere.

LOC 2. Esquézao.

CARAVANA NO LAGO. Soa o murmullo da auga do lago, o vento nas follas e o piar dos paxaros.

LOC 3. Bo día Dr. Fleischmann. Dando un paseo?

LOC 2. Non exactamente, de feito quería falar contigo Ed, e perdoo se fun un pouco brusco pola mañá, non estou afeito a que entren na miña casa mentres durmo.

LOC 3. Non se preocupe. Escoite, se é pola miña saúde olvídese, xa estou ben.

LOC 2. Non era iso. Oe, ti non saberás nada de fontanería, non?

LOC 3. Non, témome que non. Ten problemas?

LOC 2. Bo... non sei, é só que non funciona a ducha da casa.

LOC 3. Vaia, síntoo moito.

LOC 2. E a túa ducha, funciona ben?

LOC 3. Non teño ducha.

LOC 2. Non tes ducha? E onde te lavas?

LOC 3. No lago.

LOC 2. No lago? E non está xeadó?

LOC 3. Agora na primavera non, só se forma unha pequena capa de xeo que se rompe con facilidade.

LOC 2. Eeh... grazas Ed.

BIBLIOTECA. Soa o murmullo dun libro ao ollalo.

LOC 5. Necesita axuda Dr. Fleischmann?

LOC 2. Só estou botando un ollo, Sra. Wood.

LOC 5. Se busca o libro de George Orwell está reservado para os próximos tres meses.

LOC 2. Non me diga.

LOC 5. Nada como unha novela satírica cargada de crítica política para que a xente lea de novo.

LOC 2. De feito non estou a buscar nada de Orwell, senón algo de fontanería.

LOC 5. Algo en concreto?

LOC 2. O que teñan.

ESTUDIO DE RADIO. Un locutor de radio diríxese aos seus oíntes dende unha pequena emisora local. Soa música tranquila de fondo.

LOC 1. "...os animais, asombrados, pasaron a súa mirada do porco ao home e do home ao porco e, novamente, do porco ao home..."

DORMITORIO. Soa un receptor de radio no dormitorio do Dr. Fleischmann.

LOC 1. "...pero xa era imposible distinguir quen era un e quen era o outro."

LOC 2. Enténdoo perfectamente.

LOC 3. O que Dr. Fleischmann?

LOC 2. Aaaahh! Que fas na miña habitación?!

LOC 3. Vin para pedirlle unha cita.

LOC 2. E non podías esperar até mañá, ou polo menos chamar á porta?

LOC 3. Os indios non chamamos, é descortés.

LOC 2. Ah, si, esquecérao.